



Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 20 de xuño de 2017

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 20/06/2017.
- II. Asistentes á CGIC do 20/06/2017.
- III. Memoria do Mestrado en Xeoinformática.
- IV. Plan de Promoción das Titulacións.
- V. Xestión de Mobilidade:
 - Listaxe de Estudantado Propio Seleccionado.
 - Listaxe de Estudantado de Mobilidade Alleo.
- VI. Procedemento para o seguimento das obrigas docentes.
- VII. Xestión dos Recursos Materiais: Dotación correspondente ao curso 2017-18.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 10 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2017.

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento a acta, que será publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/calidad/comision-de-calidad>

2. Informe da Coordinadora.

- Xa está operativa a nova páxina web da EME:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/>

Agradécense todas as suxestións de mellora, tanto no referente ao contido como ao formato.

- Estase a realizar a avaliación interna do seguimento das titulacións, que está previsto que remate o 24 de xullo.
O Director da Área de Calidade, Xosé María Gómez Clemente, comunicou que posiblemente sexa a última vez que se fai avaliación interna, aínda que continuaranse a facer os seguimentos e autoinformes das titulacións da UVigo.
- O 15 de xuño rematou o prazo para realizar a enquisa de satisfacción coas titulacións oficiais. A enquisa estaba destinada a profesorado e estudantado de 3º de grao e de mestrado. A porcentaxe de participación é a seguinte:

	Grao EE	Grao ERME	Master EM	Master XI	Total EME
Alumnado	41.49%	25.37%	39.53%	14.29%	34.40%
Profesorado	60.61%	66.67%	84.38%	63.64%	67.63%

Comparando coa participación acadada en cursos anteriores apréciase un descenso na do alumnado e un incremento na correspondente ao profesorado:

	Total EME
Alumnado	49% (2015-16)
Profesorado	61.3% (2014-15)

En todo caso estas porcentaxes son superiores ás acadadas nas titulacións do ámbito tecnolóxico da UVigo.

- Coa publicación do RD 22/2015, de 23 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos de expedición do Suplemento Europeo aos títulos regulados no RD 1393/2007, compre xerar os Suplementos Europeos dos Títulos (SET) de mestrado e grao emitidos.
Os coordinadores das titulacións da EME redactaron e remitiron en prazo os referidos SET segundo os requisitos que se indicaban.
- Despois de que a COAP aprobase o POD para o curso 17-18 o pasado venres 12 de maio, abriuse a aplicación DOCNET para a elaboración das guías docentes.
 - As guías de 1º curso de grao deberán estar elaboradas, revisadas e aprobadas en Xunta de Centro antes do día 5 de xullo, unha semana antes da apertura do prazo de matrícula.

- As guías dos outros cursos de grao e de mestrado deberán estar elaboradas, revisadas e aprobadas en Xunta de Centro antes do día 20 de xullo.
- A aplicación DOCNET será pechada definitivamente o día 28 de xullo.

3. Aprobación, se procede, da Memoria para a solicitude de verificación do Máster en Xeoinformática.

Envíase por correo electrónico a Memoria do Mestrado en Xeoinformática (Anexo III).

Os cambios con respecto á memoria proposta anteriormente atinxen á inclusión dos graos da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas de A Coruña dentro dos perfís de entrada, e outros cambios menores correspondentes a erratas e cuestións de forma.

A Comisión aproba por asentimento a Memoria do Mestrado en Xeoinformática.

4. Aprobación, se procede, do informe R1 DO 0202 Promoción das Titulacións.

Envíase por correo electrónico (Anexo IV). Este informe consta de tres partes:

- Plan de Promoción do curso 2016-17. No que se inclúe unha relación de actividades levadas a cabo durante o curso.
- Valoración do Plan de Promoción. No que se destaca a participación de profesorado da Escola en diversas feiras e xornadas de divulgación das titulacións e o esforzo por aumentar a presenza da Escola nas redes sociais.
- Previsión para o curso 2017-18. No que se inclúen actividades previstas para o vindeiro curso.

Coméntase a posibilidade de ampliar a oferta de charlas a institutos das outras provincias galegas.

O representante da sociedade, D. Diego López González, sinala que estanse a organizar dúas feiras para o próximo curso e que sería interesante que a Escola participase: “Día europeo de los minerales” e “XXIII día de la ciencia en la calle”.

A Comisión acorda engadir estas dúas actividades na súa previsión para o curso 2017-18 e aproba por asentimento o informe de Promoción das Titulacións.

5. Aprobación, se procede, dos informes do procedemento DO 0205 Xestión da Mobilidade: R1 DO 0205 Listaxe de Estudantado Propio Seleccionado, R2 DO 0205 Listaxe de Estudantado de Mobilidade Alleo.

Envíase con antelación á celebración desta CGIC os informes do procedemento DO 0205 Xestión da Mobilidade (Anexo V). Consta das seguintes listaxes:

- R1 DO 0205 Listaxe de Estudantado Propio Seleccionado
 - Alumnado do Grao en EE
 - Alumnado do Grao en ERME
 - Alumnado do Mestrado en EM
- R2 DO 0205 Listaxe de Estudantado de Mobilidade Alleo

Coméntase a posibilidade de tratar de aumentar o número de convenios de intercambio con outras universidades internacionais.

A Comisión aproba por asentimento os informes do procedemento da Xestión da Mobilidade.

6. Aprobación, se procede, de asuntos relacionadas co procedemento DO0201: Planificación e Desenvolvemento das Ensinanzas: Modificación do Procedemento para o seguimento das obrigas docentes, Incidencias rexistradas no seguimento das obrigas docentes.

Envíouse por correo electrónico a proposta de modificación do procedemento para o seguimento das obrigas docentes (Anexo VI). Nesta proposta os cambios atinxen á sinalar que todas as probas parciais cuxa cualificación contribúa á nota final deben ter unha revisión con anterioridade á celebración do exame oficial.

A Comisión de Calidade aproba por asentimento os cambios propostos.

No apartado de incidencias rexistradas no seguimento das obrigas docentes, a directora menciona dous apartados:

- ✓ Control de docencia. Sinálanse varias materias onde as horas de docencia rexistradas son menores do 90% das horas de POD. A Comisión aproba por asentimento o envío dos escritos ao profesorado implicado no listado de incidencias, tal como se especifica no procedemento para o seguimento das obrigas docentes. O profesorado dispón de 10 días para presentar alegacións.
- ✓ Entrega de actas. O profesorado de catro materias non entregou as súas actas dentro do período establecido. A Comisión aproba por asentimento a inclusión dunha incidencia no “Anexo VI: Rexistro de Incidencia”, tal como se especifica no procedemento para o seguimento das obrigas docentes.

7. Aprobación, se procede, das evidencias do procedemento PA07- Xestión dos Recursos Materiais: IT02-PA07 Ficha de solicitude con xustificación.

Na Xunta de Escola celebrada o 26 de abril de 2017 aprobouse o importe destinado á dotación de laboratorios e software para laboratorios e estableceuse un prazo para que as áreas presentasen as súas propostas para o curso 2017-18. Estas propostas foron enviadas por correo electrónico aos membros da Comisión de Calidade (Anexo VII).

Dona M^a Carmen Romo Pérez sinala que o Profesor D. José Bienvenido Díez Ferrer asegura ter enviada unha solicitude que non foi incluída na listaxe. Acórdase revisar se a mencionada solicitude entrou en prazo e comprobar o importe.

A Comisión aproba por asentimento a ficha de solicitude con xustificación do procedemento de Xestión dos Recursos Materiais.

8. Rogos e Preguntas.



Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte de xuño de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Presidenta

Natalia Caparrini Marín

A Secretaria

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 20/06/2017



Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 20 de xuño de 2017 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2017.
2. Informe da Coordinadora.
3. Aprobación, se procede, da Memoria para a solicitude de verificación do Máster en Xeoinformática.
4. Aprobación, se procede, do informe R1 DO 0202 Promoción das Titulacións.
5. Aprobación, se procede, dos informes do procedemento DO 0205 Xestión da Mobilidade:
 - R1 DO 0205 Listaxe de Estudantado Propio Seleccionado
 - R2 DO 0205 Listaxe de Estudantado de Mobilidade Alleo
6. Aprobación, se procede, de asuntos relacionadas co procedemento DO0201: Planificación e Desenvolvemento das Ensinanzas:
 - Modificación do Procedemento para o seguimento das obrigas docentes.
 - Incidencias rexistradas no seguimento das obrigas docentes.
7. Aprobación, se procede, das evidencias do procedemento PA07- Xestión dos Recursos Materiais: IT02-PA07 Ficha de solicitude con xustificación.
8. Rogos e Preguntas.



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 20/06/2017.



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 20 de xuño de 2017	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Diego López González	Representante da Sociedade
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados
M ^a Carmen Romo Pérez	Administrador/a do centro
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Natalia Caparrini Marín	Presidenta
Teresa Rivas Brea	Igualdade
Escusan a súa asistencia	
Elena Alonso Prieto	Calidade Máster EM
Higinio González Jorge	Calidade Máster XI



ANEXO III

Memoria do Mestrado en Xeoinformática.



ANEXO IV

Plan de Promoción das Titulacións.



ANEXO V

Xestión de Mobilidade:

- Listaxe de Estudantado Propio Seleccionado.
- Listaxe de Estudantado de Mobilidade Aleo.



ANEXO VI

Procedemento para o seguimento das obrigas docentes.



ANEXO VII

Xestión dos Recursos Materiais: Dotación correspondente ao curso 2017-18.